

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE ECONOMÍA E COMPETITIVIDADE

**13250** *Real decreto 1024/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba o Regulamento do Consello Asesor de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación.*

O artigo 9 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, crea o Consello Asesor de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, adscrito ao Ministerio de Economía e Competitividade, como órgano de participación da comunidade científica e tecnolóxica e dos axentes económicos e sociais nos asuntos relacionados coa ciencia, a tecnoloxía e a innovación.

De acordo coa mencionada Lei 14/2011, do 1 de xuño, no Consello Asesor estarán representados membros da comunidade científica e tecnolóxica de recoñecido prestixio internacional, así como as asociacións empresariais e os sindicatos máis representativos. Polo menos dous terzos dos membros do Consello Asesor deberán pertencer á categoría de membros destacados da comunidade científica, tecnolóxica ou innovadora.

O Consello Asesor de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, unha vez aprobada por maioría cualificada dos seus membros reunidos o 25 de abril de 2013, elevou a proposta de regulamento que este real decreto contén, cumprindo co establecido no mencionado artigo 9 da Lei 14/2011, do 1 de xuño.

Este real decreto dítase conforme o disposto no número 4 do artigo 9 da Lei 14/2011, do 1 de xuño.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Competitividade, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación en Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de novembro de 2015,

#### DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento do Consello Asesor de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación.*

Apróbase o Regulamento do Consello Asesor de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, cuxo texto se insire neste real decreto.

Disposición adicional primeira. *Non incremento do gasto público.*

O funcionamento do Consello Asesor de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación non implicará aumento do gasto e a súa organización e funcionamento serán atendidos cos medios persoais e materiais do Ministerio de Economía e Competitividade.

Disposición adicional segunda. *Linguaxe non sexista.*

De conformidade co artigo 14.11 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, todas as denominacións que, en virtude do principio de economía da linguaxe, se fagan en xénero masculino inclusivo no regulamento que este real decreto aproba e referidas a titulares ou membros de órganos ou a colectivos de persoas, entenderanse realizadas tanto en xénero feminino como en masculino.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 413/2001, do 20 de abril, polo que se regula o Consello Asesor para a Ciencia e a Tecnoloxía e cantas outras disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 13 de novembro de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Economía e Competitividade  
LUIS DE GUINDOS JURADO

## REGULAMENTO DO CONSELLO ASESOR DE CIENCIA, TECNOLOXÍA E INNOVACIÓN

### Artigo 1. *Disposicións xerais.*

1. O Consello Asesor de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, en diante o Consello Asesor, creado de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, é o órgano de participación da comunidade científica e tecnolóxica e dos axentes económicos e sociais nos asuntos relacionados coa ciencia, a tecnoloxía e a innovación, adscrito ao Ministerio de Economía e Competitividade a través da Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación.

2. Son funcións do Consello Asesor as enumeradas no número 2 do artigo 9 da Lei 14/2011, do 1 de xuño.

3. O Consello Asesor realizará as súas funcións e axustará a súa actuación a este regulamento, de acordo cos principios de calidade, independencia e transparencia.

### CAPÍTULO I

#### Composición e organización do Consello Asesor

### Artigo 2. *Membros do Consello Asesor.*

1. De acordo co artigo 9 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, o Consello Asesor está constituído polo número de membros que determine o Consello de Política Científica, Tecnolóxica e de Innovación, no cal están representados membros da comunidade científica e tecnolóxica de recoñecido prestixio internacional, así como as asociacións empresariais e os sindicatos máis representativos, tendo en conta, ademais, os seguintes criterios:

- a) Polo menos dous terzos dos membros do Consello Asesor deben pertencer á categoría de membros destacados da comunidade científica, tecnolóxica ou innovadora.
- b) Debe haber, polo menos, un membro da Conferencia de Reitores das Universidades Españolas e pode proporse un suplente.
- c) Debe haber, polo menos, un membro en representación de empresas cuxo obxecto social estea ligado á investigación, ao desenvolvemento e á innovación.
- d) Promoverase a presenza equilibrada de mulleres e homes no Consello Asesor.

2. Os membros do Consello Asesor, en diante os conselleiros, son designados polo Consello de Política Científica, Tecnolóxica e de Innovación.

### Artigo 3. *Mandato e cesamento dos membros do Consello Asesor.*

1. Os membros do Consello terán un prazo máximo de permanencia de catro anos, renovable por unha soa vez, salvo que substitúan outro membro previamente designado antes da expiración do prazo; neste caso, o seu mandato será polo tempo que reste ata completar catro anos contados desde o nomeamento do membro orixinario, sen prexuízo da posibilidade de renovación.

A renovación dos membros realizarase por metades cada dous anos, salvo a primeira renovación, que se realizará por sorteo.

2. Os conselleiros cesarán por calquera das seguintes causas:

- a) Expiración do prazo de permanencia no Consello Asesor.
- b) Renuncia.
- c) Revogación da súa designación por acordo do Consello de Política Científica, Tecnolóxica e de Innovación, no suposto de incumprimento grave das súas funcións.
- d) Incapacidade permanente, apreciada polo Consello Asesor, logo de audiencia do interesado, e recoñecida por acordo do Consello de Política Científica, Tecnolóxica e de Innovación.

Artigo 4. *Presidencia e Vicepresidencia.*

1. O Consello de Política Científica, Tecnolóxica e de Innovación nomeará, de entre os membros do Consello Asesor, o seu presidente, que deberá ter prestixio recoñecido no ámbito da investigación científica e técnica ou da innovación.

2. O presidente do Consello Asesor nomeará o vicepresidente de entre os seus membros, por proposta de polo menos dous terzos dos conselleiros.

Artigo 5. *Funcións da Presidencia e da Vicepresidencia.*

1. O presidente exerce a representación do Consello Asesor, fixa a orde do día do Consello Asesor, convoca e preside as sesións, dirime as votacións en caso de empate e, de ser o caso, dispón a execución dos acordos.

2. O vicepresidente substituirá o presidente en caso de vacante, ausencia ou enfermidade. Por outra parte, realizará as funcións que a Presidencia lle delegue.

Artigo 6. *A Secretaría.*

A Secretaría do Consello Asesor corresponderá ao titular da Subdirección Xeral de Relacións Institucionais da Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación.

Artigo 7. *Funcións da Secretaría.*

De acordo co previsto polo artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, serán funcións da Secretaría do Consello Asesor:

- a) A asistencia ás reunións, con voz pero sen voto.
- b) A organización dos servizos de apoio técnico e administrativo do Consello Asesor e dos seus grupos de traballo.
- c) A xestión do réxime interior do Consello Asesor.
- d) A recompilación e elaboración de información para facilitar a toma de decisións por parte do Consello Asesor e dos seus grupos de traballo.
- e) A redacción de informes.
- f) A relación con outros organismos e entidades públicas e privadas.
- g) A tramitación e, se é o caso, execución daqueles acordos do Pleno do Consello Asesor, dos seus grupos de traballo ou da Presidencia que se lle encomenden expresamente.
- h) A dirección de rexistro, arquivamento, documentación e demais servizos similares que sexan precisos para o desenvolvemento normal das tarefas do Consello Asesor.

Artigo 8. *O Pleno.*

1. Formarán parte do Pleno do Consello Asesor os conselleiros mencionados no artigo 2.

2. O Pleno terá como funcións:

a) Valorar e aprobar, de ser o caso, os informes e as propostas a que se refire o artigo 9 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, e dos que deba coñecer o Consello Asesor ou sobre os cales sexa consultado este.

b) Autorizar a participación de expertos externos nas reunións do propio Pleno, con voz pero sen voto, cando así o propoña a Presidencia ou un conselleiro de forma motivada e cando a natureza das materias que deban ser tratadas así o aconselle, sempre tendo presente a normativa en relación coa contención do gasto público.

c) Acordar a constitución dos grupos de traballo a que se refire o artigo seguinte, así como a participación neles de expertos externos.

d) Aprobar, co voto favorable da maioría absoluta dos conselleiros, calquera proposta de modificación deste regulamento, que deberá ser tramitada e será aprobada posteriormente mediante real decreto.

3. Tendo sempre presente a normativa en relación coa contención do gasto público, a Presidencia, por decisión propia ou por proposta dun conselleiro, poderá convocar altos cargos e funcionarios do Ministerio de Economía e Competitividade, doutros departamentos ministeriais ou doutras administracións públicas, cando a natureza das materias o aconselle, que actuarán con voz pero sen voto.

#### Artigo 9. *Grupos de traballo.*

1. De acordo co artigo anterior, o Pleno poderá acordar a constitución de grupos de traballo para realizar estudos, documentos e informes sobre os asuntos que se lles encomenden.

2. Os grupos de traballo estarán integrados por membros do Consello Asesor e, se é o caso, por expertos externos e estarán coordinados en todo caso por un membro do Consello Asesor.

3. Os estudos, documentos e informes dos grupos de traballo non terán carácter vinculante para o Pleno do Consello Asesor.

## CAPÍTULO II

### **Funcionamento do Consello Asesor**

#### Artigo 10. *Reunións do Pleno.*

1. O presidente convocará o Pleno polo menos unha vez ao ano e, ademais, cando deba emitir informe sobre os asuntos de carácter preceptivo e os que lle someta o Consello de Política Científica, Tecnolóxica e de Innovación ou os gobernos do Estado e das comunidades autónomas, así como por petición dun terzo dos conselleiros. Neste último caso, se existe urxencia, non deberá transcorrer un prazo superior a quince días desde a petición ata a realización da reunión. En todo caso, a convocatoria debe ir acompañada da orde do día.

2. Para a constitución válida do Pleno do Consello Asesor requirirase a presenza do presidente ou vicepresidente, do titular da Secretaría e de, polo menos, a metade dos conselleiros.

3. Os acordos adoptaranse por maioría de votos e os empates dirimiraos o presidente mediante o seu voto de calidade.

#### Artigo 11. *Normas de funcionamento.*

1. O funcionamento do Consello Asesor, no non regulado por este regulamento, axustarase ao disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

2. O Consello Asesor poderá facer uso de medios electrónicos para os efectos da convocatoria e o desenvolvemento das sesións, así como da redacción da acta por parte da Secretaría, de acordo coa disposición adicional primeira da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

#### Artigo 12. *Prazo de emisión dos informes.*

Os informes do Consello Asesor que lle sexan solicitados polos gobernos do Estado e das comunidades autónomas ou polo Consello de Política Científica, Tecnolóxica e de Innovación e aos cales se refire a letra d) do número 2 do artigo 9 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, emitiranse no prazo máximo de catro meses, contados a partir da data en que o Consello Asesor reciba a solicitude do organismo que teña atribuída a competencia. Non obstante, o Consello de Política Científica, Tecnolóxica e de Innovación poderá solicitar

que o informe se realice en trámite de urxencia, caso en que o prazo de emisión non será superior a quince días.

Artigo 13. *Apoio administrativo.*

As funcións de apoio administrativo ao Consello Asesor e aos grupos de traballo que se constitúan serán desempeñadas polos servizos administrativos da Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación.